

Actividade: Tarefa

Que é?

Unha tarefa en Moodle é calquera traballo, labor ou actividade que se asigna aos alumnos (informes, ensaios, proxectos, consultas, recolección de datos, imaxes, etc.). Normalmente os alumnos e alumnas teñen que devolver o produto do seu traballo en formato dixital, xa sexa introducido directamente a través da interface ou mediante arquivos (documentos de texto, presentacións, vídeos...). Ese envío queda rexistrado, podendo establecer límites de tempo na entrega. A tarefa enviada polo alumno queda almacenada para a súa posterior avaliación á que poderá engadirse un comentario que chegará de forma independente ao alumno ou alumna mediante notificación ou correo electrónico. As observacións do titor achéganse á páxina da tarefa de cada estudante e envíaselle unha mensaxe de notificación. Así mesmo, o profesor ten a posibilidade de permitir o reenvío dunha tarefa tras a súa cualificación (para volver cualificala).

Para o noso caso, utilización da aula virtual como complemento ás clases presenciais, as tarefas poden utilizarse para dar instrucións, prazos e/ou outras indicacións (retroalimentación) e para incorporar cualificacións de:

- probas obxectivas realizadas en clase,
- de actividades puntuais de clase,
- de prácticas de laboratorio ou de taller,
- de calquera outra actividade desenvolvida fora da plataforma e que non precise dun formato dixital.

Tipos de tarefas

Os tipos de tarefas que podemos incorporar a Moodle son:

- **Actualización avanzada de ficheiros:** Este tipo de tarefa utilízase cando se solicita ao alumnado que entregue máis dun arquivo. Normalmente, o número de arquivos que debe subir especificarase na descrición da tarefa. Unha das súas principais características é a posibilidade que ofrece ao profesor de enviar a tarefa corrixida ao alumnado.
- **Texto en liña:** O alumno debe facer uso do editor de texto da plataforma para escribir directamente o traballo solicitado. Ten a vantaxe de ser un método rápido e independente doutras ferramentas para poder realizar unha actividade. Podemos utilizalo para que o alumnado faga ensaios breves como unha descrición dun fenómeno ou experimento.
- **Actualización dun só ficheiro:** Esta tarefa permite ao alumnado enviar un único arquivo. Porén, non permite o envío de tarefas corrixidas por parte do profesor directamente dende a propia interface, pero si mediante un enlace na retroalimentación. É o método máis empregado cando só se pretende recibir un arquivo sobre o que se emitirá unha cualificación e breves comentarios.
- **Actividade fóra de liña:** Este tipo de tarefa é útil cando o traballo realízase fóra da plataforma e, ademais, o deben realizar nun formato non electrónico como, por exemplo, unha estrutura metálica. Os alumnos poden ver unha descrición da tarefa, pero non poden subir

arquivos; efectuarán a entrega do produto do seu traballo en clase. Trala súa avaliación o profesor poderá introducir as cualificacións no sistema e os estudantes recibirán notificacións das súas cualificacións.

Configuración dunha tarefa

En todas as tarefas pódense configurar os seguintes parámetros:

- **Nome da tarefa:** Texto curto e identificativo co que quedará enlazada a tarefa na páxina principal do curso, dentro da sección elixida. Pódense incluír marcas ou etiquetas HTML para resaltar parte ou a totalidade do nome.
- **Descrición:** Enunciado da tarefa e instrucións para a súa realización e envío. Permite a edición HTML polo que pode incluír imaxes, táboas, etc.
- **Cualificación:** Indica a puntuación máxima da tarefa e a escala que se aplicará.
- **Dispoñible para:** Detalla a data a partir da cal a tarefa estará dispoñible ao alumnado. Ata entón o alumno non poderá realizar ningún envío.
- **Data de vencemento:** Data límite para efectuar a entrega da tarefa. A partir da data/hora aquí establecida, se se definiu no seguinte parámetro, rexeitarase calquera envío posterior.
- **Evitar envíos tardíos:** Define se se permitirá recibir envíos fóra de prazo. Se este campo actívase, calquera envío fóra de data será rexeitado. Se non se activa pero se marca un prazo de entrega, o profesor recibirá o aviso de que a entrega se fixo tarde, aínda que se permitise a súa recepción.

Para a actualización avanzada de ficheiros poderanse configurar tamén:

- **Tamaño máximo:** Establece o tamaño máximo do arquivo que o alumnado pode enviar como resposta.
- **Permitir eliminar:** Se se activa esta opción, os participantes poderán eliminar arquivos subidos en calquera momento antes de ser cualificados.
- **Nº máximo de ficheiros cargados:** Número máximo de arquivos que pode subir cada alumno e alumna á tarefa. Este número non se mostra aos estudantes polo que é moi recomendable indicalo na descrición da tarefa.
- **Permitir notas:** Permite escribir notas nunha área de texto como complemento ao envío da tarefa; habitualmente para aclarar algún aspecto ou facer un comentario a esta.
- **Ocultar descrición antes da data dispoñible:** Mostra ou oculta a descrición da tarefa cando esta non se encontra aínda en data para realizarse.
- **Alertas de correo electrónico aos profesores:** Remite un correo ao profesor cada vez que un alumno ou alumna envía ou actualiza a súa tarefa. Esta funcionalidade require que o servizo de correo estea activo.

Para a tarefa de texto en liña, ademais das alertas de email aos profesores tamén poderemos configurar permiso para enviar de novo e establecer se queremos realizar comentarios en liña (incorpora o texto á retroalimentación para facilitar a súa corrección).

Para a tarefa de actualización dun só ficheiro tamén poderemos establecer o tamaño máximo do arquivo a subir por parte do alumnado.

Avaliación dunha tarefa


Para revisar, corrixir e cualificar os traballos do alumnado podemos ir directamente á actividade. Aparecerá, ademais da descrición que fixemos, unha información sobre o número de traballos enviados

Tarefas » Tarefa1 Actualizar este Tarefa

Ver 0 tarefas enviadas

Cos datos da táboa seguinte fai unha gráfica de sectores (tipo tarta). Logo garda o arquivo co teu nome seguido de "_tarefa1" (exemplo: albertoabadin_tarefa1.ext) e mándao antes da data indicada.

Número de especies descritas	
Especies	Número
Bacterias	4.000
Protoctistas (algas, protozoos)	80.000
Animais – vertebrados	52.000
Animais – invertebrados	1.272.000
Fungos	72.000
Plantas	270.000



cunha ligazón de acceso ao formulario que nos permitirá facer a avaliación.

Gardar todos os meus comentarios

Nome : **Todos** ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ
Apellido : **Todos** ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ

Nome / Apellido	Cualificación	Comentario	Última modificación (Estudiante)	Última modificación (Profesor/a)	Estado
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación		temas_6_y_7.cmap	Sábado, 21 de Xaneiro de 2012, 18:33	Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	Sen cualificación				Cualificación
[Redacted]	40 / 100	Moi simple (faltan)	Temas_6-7.cmap	Mércores, 4 de Xaneiro de 2012, 21:09	Sábado, 3 de Marzo de 2012, 19:23 Actualizar

- **Nome e apelidos:** Mostra o nome completo do alumno ou alumna.
- **Cualificación:** Nota obtida na tarefa baseada na escala de cualificación empregada. No exemplo utilizouse unha escala numérica sobre un valor máximo de 100.

- **Comentario:** Comentarios do profesor á tarefa.
- **Última modificación:** Data/hora da entrega e de corrección da tarefa.
- **Estado:** Pode adoptar dous valores...
 - **Cualificación:** A tarefa aínda non está cualificada. O enlace permite cualificar a tarefa.
 - **Actualizar:** A tarefa está cualificada. O enlace permite cambiar o valor da cualificación ou os comentarios á corrección.

Todos os campos da táboa son enlaces que permiten ordenala. Así mesmo, o contido de cada tarefa pódese consultar pulsando directamente sobre o nome do arquivo enviado. O procedemento de cualificación (ou actualización da cualificación) pode facerse de dúas maneiras diferentes, aínda que co mesmo resultado:

- **Cualificación rápida:** Permite avaliar a todos os alumnos dende a mesma ventá, activando na táboa os campos de cualificación e comentario. Este modo de cualificación habilitase marcando a opción *permitir cualificación rápida*, situada ao pé da táboa e pulsando no botón *Gardar preferencias*.
- **Cualificación ordinaria:** Para a corrección da tarefa de cada un dos alumnos e alumnas abrírase unha ventá independente. É o mecanismo de cualificación por defecto.

Alberto Abadín Cid Cualificación: 40 / 100
 Sábado, 3 de Marzo de 2012, 19:23

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B** *I* U ~~S~~ _{x₂} ^{x²} [W] [↶] [↷]

[List icons] [Text color] [Background color] [Image] [Table] [Link] [Unlink] [Code] [Print]

Moi simple (faltan conceptos importantes); e en cada recadro debe ir un único concepto.

Camiño: [? [Warning icon]]

Gardar modificacións Cancelar Gardar e mostrar o seguinte Seguinte

[Redacted name] o Temas_6-7.cmap
 Mércores, 4 de Xaneiro de 2012, 21:09